

## REGULAMENTO DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**(Aprobado no Consello de Goberno do 23 de abril de 2013 e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27/02/2015, 29/09/2015, 29/05/2018 e 04/06/2019)**

O presente Regulamento pretende dar resposta á transformación requirida polo proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior en que se pon especial énfase na realización de prácticas externas. Ao abeiro do RD 1393/2007 e do 861/2010 que o modifica, as prácticas externas tenden a xeneralizarse nos novos títulos de grao e de mestrado. O RD 1393/2007 indica no seu preámbulo que “A posibilidade de introducir prácticas externas vén reforzar o compromiso coa empregabilidade dos futuros graduados e graduadas, enriquecendo a formación dos estudantes das ensinanzas de grao nun ámbito que lles proporcionará, tanto a eles como aos responsables da formación, un coñecemento máis profundo acerca das competencias que se necesitarán nun futuro”. Así mesmo, no seu artigo 12.6 márcanse os requisitos mínimos que deben cumprir as prácticas externas nas titulacións de grao ao establecer que “Se se programan prácticas externas, estas terán unha extensión máxima de 60 créditos e deberán ofrecerse preferentemente na segunda metade do plan de estudos”.

O Estatuto do Estudante Universitario, aprobado polo RD 1791/2010, do 30 de decembro, establece no seu artigo 8 o dereito do estudantado de grao a “dispoñer da posibilidade de realizar prácticas, curriculares ou extracurriculares, que poderán realizarse en entidades externas e nos centros, estruturas ou servizos da Universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á súa finalidade formativa”. O Estatuto reconece o dereito a “contar coa tutela efectiva” nas prácticas externas previstas nos plans de estudos, e no seu artigo 24 regula as prácticas académicas externas, as súas clases e as súas características xerais e estende a posibilidade de realizalas ao conxunto do estudantado matriculado en calquera estudo impartido polas universidades.

A publicación do RD 592/2014 do 11 de xullo, establece o marco legal polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudantado universitario. Este novo marco derroga as normas anteriores ao respecto (RD 1497/1981 do 19 de xuño e 1845/1994 do 9 de setembro que o modifica), e substitúe o Real decreto 1707/2011, do 18 de novembro, anulado pola Sentenza do Tribunal Supremo do 21 de maio do 2013.

A Universidade da Coruña, para alén do marco regulamentario que reflicte a relevancia das prácticas académicas externas, fomentará a formación integral do estudantado e a relación co seu contorno social, económico e cultural, achegando o estudantado á realidade profesional futura proporcionándolle as competencias, as habilidades e os coñecementos indispensables para a mellora da súa inserción laboral. Así mesmo, a relación das titulacións coas empresas, institucións e entidades establecidas a través das prácticas debería constituír un xeito de comprobar a formación que recibe o estudantado e establecer, se fose o caso, as medidas de mellora e de actualización dos programas formativos.

As prácticas académicas externas na Universidade amosan unha gran diversidade acorde cos plans de estudos, os hábitos de xestión e as experiencias dos centros e das institucións de acollida do alumnado. Este regulamento pretende establecer un marco que recolla as normas e os requisitos básicos que permitan garantir o desenvolvemento das prácticas académicas externas e a calidade da formación, evitando usos impropios.



## TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

### CAPÍTULO I

#### ÁMBITO DE APLICACIÓN, DEFINICIÓN, NATUREZA E OBXECTIVOS

##### Artigo 1. ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. O ámbito de aplicación desta norma comprende todas as prácticas académicas externas realizadas polo alumnado da Universidade da Coruña. Esténdese tamén ás realizadas no estranxeiro a través de programas ou convenios con outras universidades ou institucións, así como as realizadas a través de programas estatais de mobilidade e intercambio universitarios, agás que os devanditos programas, convenios ou regulamentos internos de aplicación establezan outras disposicións.

2. Queda excluído do ámbito de aplicación deste regulamento o réxime de prácticas do alumnado matriculado en centros adscritos á Universidade da Coruña, que se regulará pola súa propia normativa.

##### Artigo 2. DEFINICIÓN

1. As prácticas académicas externas constitúen unha actividade académica de natureza formativa realizada polo alumnado co obxectivo de permitir aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa inserción laboral e fomenten o seu emprendemento.

2. As prácticas poderán realizarse en entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións, entidades públicas ou privadas no ámbito estatal ou internacional.

3. Tamén se poderán realizar prácticas externas en dependencias e servizos da propia Universidade da Coruña que non estean destinados á actividade docente.

##### Artigo 3. NATUREZA

Dada a natureza formativa das prácticas académicas externas, da súa realización non se derivan, en ningún caso, obrigas propias dunha relación laboral, nin o seu contido poderá dar lugar á substitución da prestación laboral propia dun posto de traballo.

Así mesmo, no caso de que ao remate dos estudos o alumnado se incorporase ao cadro de persoal da entidade colaboradora, o tempo das prácticas non se computará para os efectos de antigüidade, non eximirá do período de proba salvo que no oportuno convenio colectivo aplicable estivese expresamente estipulado algo distinto.

No ámbito das administracións públicas, entidades de dereito público e demais organismos públicos, a realización nestes das prácticas académicas externas non poderá ter a consideración de mérito para o acceso á función pública nin será computado para os efectos de antigüidade o recoñecemento de servizos previos.

##### Artigo 4. OBXECTIVOS

A relación de prácticas académicas externas debe acadar os seguintes obxectivos:

- a) Contribuír á formación integral do alumnado complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica.
- b) Facilitar ao alumnado obter unha experiencia práctica que facilite a inserción no mercado de traballo e mellore a súa empregabilidade.



- c) Favorecer no alumnado a adquisición dos valores da innovación, creatividade e emprendemento.

## **CAPÍTULO II MODALIDADES. RÉXIME XURÍDICO**

### **Artigo 5. MODALIDADES**

As prácticas académicas externas poderán adoptar dúas modalidades:

- a) Prácticas externas curriculares, que se configuran como materias dun plan de estudos con carácter obrigatorio ou optativo.
- b) Prácticas externas extracurriculares que se realizan con carácter voluntario durante o período de formación e que, aínda tendo o mesmo obxectivo que as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plan de estudos. Non obstante serán recollidas no suplemento europeo ao título segundo a normativa vixente.

### **Artigo 6. RÉXIME XURÍDICO**

O marco legal que regula as prácticas externas está definido no que dispón o RD 592/2014 do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario; polo RD 1393/2007 do 29 de outubro que establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais; polo presente regulamento; polo disposto no plan de estudos de cada titulación e pola normativa propia de cada centro.

No caso de existiren programas de ámbito autonómico ou estatal de fomento das prácticas académicas externas no sistema universitario galego ou nun ámbito competencial superior, atenderase á súa regulación específica naquelas prácticas a que afecte, sen prexuízo da aplicación da normativa da UDC.

No caso das prácticas internacionais serán, ademais, de aplicación as normas establecidas nos programas e convenios que as amparen, así como as contidas nos regulamentos internos sobre mobilidade internacional.

## **CAPÍTULO III PERSOAS DESTINATARIAS E REQUISITOS**

### **Artigo 7. PERSOAS DESTINATARIAS**

Poderá realizar as prácticas académicas externas:

- a) O alumnado matriculado nas titulacións oficiais da Universidade da Coruña nas condicións que seestableza.
- b) O estudiantado doutras universidades españolas ou estranxeiras que estea a realizar estadias de estudo na Universidade da Coruña en programas de mobilidade académica ou por convenios bilaterais, sempre que as normas que regulan os programas e convenios non dispoñan outra cousa.

### **Artigo 8. REQUISITOS PARA EL ALUMNADO**

Para realizar prácticas externas o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Para as prácticas curriculares estarase ao disposto no plan de estudos de cada titulación.
- b) Para as prácticas extracurriculares será necesario:
  1. Estar matriculado/a na ensinanza a que se vinculen as competencias básicas, xenéricas e específicas que adquiriran na súa realización.
  2. Ter superado o 50 % dos créditos necesarios para obter o título de grao,



incluíndo, como mínimo, todos os créditos de formación básica; no caso do estudiantado de mestrado a porcentaxe anterior será do 25 %; no caso doutros programas formativos estar matriculado/a no programa de que se trate.

3. Non superar a duración, en horas, establecida no artigo 14 deste regulamento, sumadas as prácticas curriculares e extracurriculares, no mesmo ano académico, e de existir vacantes na oferta de prácticas extracurriculares, formarase unha listaxe de agarda en que poderán participar tamén aqueles alumnos que teñan superadas as horas.
4. Estar oficialmente matriculado/a (matrícula ordinaria) segundo o procedemento establecido pola universidade.
- c) O alumnado doutras universidades, que realice estudos na Universidade da Coruña ao abeiro dun programa de mobilidade europeo ou de calquera outro programa de mobilidade ou convenio bilateral suscrito por esta Universidade, gozará do mesmo tratamento que establece esta normativa para o alumnado da Universidade da Coruña, agás que as normas que regulen o programa ou convenio dispoñan outra cousa.
- d) A Universidade da Coruña fomentará, a través de convenios de cooperación educativa suscritos coas entidades colaboradoras, a accesibilidade para o alumnado con discapacidade procurando poñer a disposición os recursos humanos e materiais que aseguren a igualdade de oportunidades.
- e) No caso de darse ofertas de prácticas co duplo carácter curricular e extracurricular, terá preferencia para a súa adxudicación o alumnado que realice prácticas curriculares.

#### **Artigo 9. REQUISITOS DAS ENTIDADES COLABORADORAS**

1. Para participar no programa de prácticas externas da Universidade da Coruña a entidade colaboradora deberá cumprir, polo menos, os seguintes requisitos:

- a) Estar debidamente constituída,
- b) Dispor dos medios e da instalación adecuados para o desenvolvemento das prácticas,
- c) Dispor do persoal cualificado para a supervisión das prácticas.

2. A Universidade da Coruña manterá unha base de datos actualizada en que constará a relación de entidades colaboradoras na realización das prácticas académicas externas.

### **CAPÍTULO IV**

#### **CARACTERÍSTICAS DOS PROGRAMAS DE PRÁCTICAS**

##### **Artigo 10. CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA**

A realización das prácticas académicas externas require a subscripción previa dun convenio de cooperación educativa que sirva de marco regulador das relacións entre o alumnado, a entidade colaboradora e a Universidade da Coruña. Para tal efecto teranse como referencia os modelos de convenio dispoñibles no anexo I.

##### **Artigo 11. PROXECTO FORMATIVO**

1. O proxecto formativo é o documento individual do/a estudante anexoado ao convenio de cooperación educativa. Neste concrépanse os contidos e as características que conforman o plan de traballo que se levará a cabo na empresa ou institución. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias que debe adquirir o alumnado.

2. O proxecto formativo procurará conformarse seguindo os principios de inclusión, igualdade de oportunidade, non discriminación e accesibilidade universal, mérito e capacidade. (ANEXO II. MODELO).

No caso de prácticas internacionais os modelos serán os que determinen os programas ou

convenios aplicables.

### **Artigo 12. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL**

O alumnado seleccionado non adquirirá relación laboral nin coa Universidade da Coruña nin coa entidade colaboradora, nin con calquera outra entidade relacionada directa ou indirectamente coa entidade colaboradora. No caso de prácticas curriculares, de acordo co que está disposto no artigo 8.2.c do RD 592/2014 o/a alumno/a poderá manter unha relación laboral coa entidade colaboradora coa autorización do/a vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes logo do informe favorable da Comisión de Prácticas.

### **Artigo 13. COBERTURA DE SEGURO**

O estudantado da UDC menor de 28 anos está cuberto polo seguro escolar obrigatorio que paga coa matrícula. Os estudantes maiores de 28 anos deberán contratar, de ser o caso, o seguro Hac Luce Accidentes. Este seguro poderá ser contratado tamén polo resto do estudantado. A maiores, a entidade colaboradora poderá subscribir ao seu cargo un seguro adicional para os estudantes.

A responsabilidade civil de danos a terceiros que eventualmente se puidese ocasionar quedará cuberta pola póliza que a Universidade da Coruña ten subscrita para os efectos.

### **Artigo 14. DURACIÓN E HORARIO**

1. As prácticas curriculares terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente nos termos establecidos no artigo 12.6 do RD 1393/2007, do 29 de outubro, ou norma posterior que o substitúa.

A realización destas prácticas farase de conformidade co calendario académico aprobado polo Consello de Goberno para cada curso académico.

2. Durante o período lectivo, as prácticas extracurriculares non excederán as 750 horas, cunha distribución horaria que permita a dedicación simultánea aos estudos e ás prácticas.

3. Con carácter xeral, a distribución horaria das prácticas externas establecerase de acordo coas súas características e a dispoñibilidade da entidade colaboradora. En calquera caso, os horarios serán compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo alumnado na universidade.

4. Excepcionalmente, nos casos en que o estudante teña unha carga lectiva moi reducida para finalizar a titulación oficial poderase realizar unha xornada ampla sen superar 40 horas semanais e 8 diarias, e sempre coa autorización do titor académico.

### **Artigo 15. COMEZO E FINALIZACIÓN**

O inicio da práctica externa comeza coa incorporación do/a alumno/a á entidade colaboradora.

A finalización producirase polas seguintes causas:

- a) a conclusión do período fixado para o efecto
- b) o mutuo acordo das partes
- c) o incumprimento do acordo por calquera das dúas partes
- d) a vontade de calquera das dúas partes de finalizar a práctica cando concorran algunha destas circunstancias:
  1. circunstancias xustificadas que impidan o desenvolvemento das actividades programadas
  2. renuncia expresa do/a alumno/a seleccionado/a
  3. perda da condición de alumno/a, segundo o establecido pola universidade.

Nos supostos a), b), c) será preceptiva a comunicación á persoa coordinadora responsable das prácticas do centro.

### **Artigo 16. TITORÍAS E REQUISITOS PARA EXERCELAS**

1. Para realizar as prácticas externas, o alumnado contará cun/unha titor/a da entidade colaboradora (titor/a profesional) e un/unha titor/a académico/a da universidade.

2. A persoa designada pola entidade colaboradora deberá estar vinculada a esta, coa experiencia profesional e os coñecementos necesarios para realizar a titorización efectiva do alumnado, organizar as actividades de conformidade co proxecto formativo e coordinarse coa persoa responsable da titorización académica. O/a titor/a profesional non deberá coincidir coa persoa encargada da titorización académica da Universidade da Coruña.

3. O/a titor/a académico da universidade será:

- a) Para as prácticas curriculares, un membro do persoal docente da Universidade da Coruña, con preferencia do propio centro universitario en que estea matriculado o/a alumno/a e en calquera caso, afín á ensinanza a que se vincula a práctica. A designación farase segundo o procedemento establecido en cada centro.
- b) Para as prácticas extracurriculares, un membro do persoal docente da Universidade da Coruña que imparta docencia na mesma rama de coñecemento da ensinanza cursada.
- c) No caso de que non se encontre entre o persoal docente do centro ninguén adecuado para a titorización, esta recaerá no membro do equipo directivo encargado da coordinación das prácticas.

4. A Universidade da Coruña, a través da unidade competente, facilitará información e formación ás persoas responsables da titorización do alumnado con discapacidade para o adecuado desenvolvemento da súa función.

5. Os titores académicos e profesionais poderán obter da Universidade da Coruña o recoñecemento da súa colaboración de conformidade coa normativa interna de aplicación. Igualmente deberán cumprir as obrigas previstas nos artigos 11 e 12 do RD 592/2014, do 11 de xullo.

### **Artigo 17. PROTECCIÓN DE DATOS**

A sinatura dun convenio de cooperación educativa de prácticas académicas externas e os seus anexos implica a aceptación do contido desta normativa e a autorización para o tratamento dos datos persoais do alumnado coa finalidade exclusiva da xestión das prácticas e o seguimento da inserción laboral. A Universidade e as entidades que traten os datos persoais con esta finalidade gardarán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e, así mesmo, garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos por esta lei ás persoas interesadas. O tratamento para calquera outro fin requirirá o consentimento expreso das persoas afectadas, nos termos da citada normativa de protección de datos persoais.

### **Artigo 18. ASPECTOS ECONÓMICOS**

1. O convenio de cooperación de prácticas académicas externas poderá prever a achega por parte da empresa ou institución dunha cantidade para o/a estudante en concepto de bolsa ou axuda ao estudo e que será satisfeita na forma que se determine.

Ademais poderá haber outra achega á Universidade da Coruña que estableza o convenio para financiar a xestión e administración do proxecto de prácticas.



2. A bolsa ou axuda ao estudo constará nun anexo do proxecto formativo do/a estudante como documento anexado ao convenio. En ningún caso terá a consideración de remuneración ou nómina pola actividade desenvolvida ao non existir relación contractual de ningunha clase ou natureza.

3. Nos casos en que se determine legalmente, a empresa ou entidade financiadora, ou a Universidade, segundo proceda, cumprirá coas obrigas correspondentes en materia de afiliación e cotización á Seguridade Social.

## **TÍTULO II DEREITOS E OBRIGAS**

### **CAPÍTULO I DEREITOS E OBRIGAS DA ENTIDADE COLABORADORA**

#### **Artigo 19. DEREITOS DA ENTIDADE COLABORADORA**

A entidade colaboradora ten dereito:

- 1) Ao recoñecemento efectivo da súa función, que se expresará mediante un documento acreditativo emitido pola UDC para o efecto.
- 2) A que se respecte antes, durante e tras a práctica a confidencialidade dos datos tratados no transcurso desta, quedando claro que estes non poderán ser utilizados en ningún momento sen autorización expresa por parte da entidade colaboradora e que non serán transmitidos a terceiros.
- 3) A que a práctica non interfira no normal desenvolvemento das tarefas propias da entidade.
- 4) A interromper a realización das prácticas se o/a alumno/a incumpre os seus deberes, logo da comunicación ao centro.

#### **Artigo 20. OBRIGAS DA ENTIDADE COLABORADORA**

A entidade colaboradora ten a obriga de:

- 1) Formalizar un convenio de cooperación educativa coa universidade, segundo o procedemento establecido para o efecto.
- 2) Non cubrir co alumnado en prácticas ningún posto de traballo.
- 3) Designar un/unha titor/a de prácticas que será unha persoa vinculada coa entidade colaboradora que se coordinará co/a titor/a académico/a, que asignará as funcións que debe realizar o alumnado, asistirao no que fose preciso e avaliará o aproveitamento do alumnado.
- 4) Garantir que o/a titor/a de prácticas cumpra cos deberes relacionados co artigo 11.2 do RD 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudantado universitario.

## **CAPÍTULO II OBRIGAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Os centros da Universidade da Coruña designarán de entre os membros do equipo directivo unha persoa encargada da coordinación das prácticas externas.

#### **Artigo 21. OBRIGAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA CO ALUMNADO EN PRÁCTICAS**

Respecto do alumnado en prácticas, a Universidade da Coruña está obrigada a:

- 1) Comunicarlle á persoa seleccionada a concesión da práctica e xestionar a sinatura do documento de aceptación.
- 2) Garantir que o alumnado seleccionado para a realización das prácticas estea cuberto por un seguro de accidente e cando sexa necesario por un seguro de responsabilidade civil.



- 3) Informar o alumnado seleccionado sobre o réxime de prácticas externas e advertilo dos deberes impostos polos artigos 9.2 e 14 do RD 592/2014, do 11 de xullo.
- 4) Expedir a acreditación da realización das prácticas.

## **Artigo 22. OBRIGAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA COAS ENTIDADES COLABORADORAS**

En relación coa entidade colaboradora, a Universidade da Coruña esta obrigada a:

- 1) No caso das prácticas curriculares, facilitarlle á entidade colaboradora o proxecto formativo correspondente. No caso das prácticas extracurriculares, facilitarlle á entidade colaboradora a elaboración do proxecto formativo correspondente.
- 2) Seleccionar o alumnado que desenvolverá prácticas externas curriculares e verificar o proceso de selección do alumnado polas entidades colaboradoras nas prácticas extracurriculares.
- 3) Designar a persoa responsable da titorización académica que actuará de xeito coordinado cos profesionais da entidade colaboradora.
- 4) Garantir que o/a titor/a académico/a cumpre cos deberes relacionados no artigo 12.2 do RD 592/2014, do 11 de xullo.

## **CAPÍTULO III**

### **DEREITOS E OBRIGAS DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS**

#### **Artigo 23. DEREITOS DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS**

Durante a realización das prácticas o alumnado terá os seguintes dereitos:

- a) Á titorización durante o período de duración da práctica correspondente por parte dun/dunha titor/a académico/a da universidade e outro/a profesional na entidade colaboradora.
- b) Á avaliación segundo os criterios establecidos na Universidade da Coruña.
- c) Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e o seu rendemento.
- d) A percibir, no caso de que así se estipule, a achega económica da entidade colaboradora en concepto de bolsa ou axuda ao estudo.
- e) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, tras a comunicación, coa antelación suficiente, á entidade colaboradora.

#### **Artigo 24. OBRIGAS DO ALUMNADO EN PRÁCTICAS**

Durante a realización das prácticas académicas externas, o alumnado deberá atender ás obrigas seguintes:

- a) Cumprir coa normativa de prácticas externas da Universidade da Coruña.
- b) Coñecer e cumprir co proxecto formativo das prácticas seguindo as indicacións do/a titor/a asignado/a pola entidade colaboradora baixo a supervisión do/a titor/a académico/a da universidade.
- c) Manter o contacto co/a titor/a académico/a da universidade e comunicarlle calquera incidencia que puidesexurdir.
- d) Incorporarse á entidade colaboradora na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as normas e o funcionamento, a seguridade e a prevención de riscoslaborais desta.
- e) Elaborar a memoria e realizar os informes e a enquisa final das prácticas, segundo o modelo que se estipule e nos prazos que se establezan.
- f) Gardar a confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora e gardar o segredo profesional sobre as súas actividades durante a estadía e finalizada esta. Non facer uso dos datos manexados antes, durante nin





despois das prácticas, agás autorización expresa por parte da entidade colaboradora, e non transmitilos a terceiros.

## **CAPÍTULO IV**

### **DEREITOS E OBRIGAS DO TITOR DA ENTIDADE COLABORADORA**

#### **Artigo 25. DEREITOS DO TITOR DA ENTIDADE COLABORADORA**

A persoa responsable da titorización designada pola entidade colaboradora terá os seguintes dereitos:

- a) Recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da Universidade da Coruña nos termos previstos nesta normativa.
- b) A ser informada da normativa que regula as prácticas externas así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) Ter acceso á universidade para obter a información e o apoio necesarios ao cumprimento dos fins propios da súa función.

#### **Artigo 26. OBRIGAS DO TITOR DA ENTIDADE COLABORADORA**

A persoa responsable da titorización designada pola entidade colaboradora terá as obrigas seguintes:

- a) Acoller o alumnado, organizar e orientar a súa actividade de conformidade co proxecto formativo.
- b) Informar o alumno da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese relativa á seguridade e aos riscos laborais.
- c) Coordinar co/a titor/a académico/a da universidade o desenvolvemento das actividades contidas no proxecto formativo, incluídas aquelas modificacións do plan que puidesen ser necesarias.
- d) Emitir o informe e a enquisa final das prácticas para cada alumno, segundo o procedemento e o modelo establecido pola universidade.
- e) Proporcionar a formación complementaria que precise o alumno para realizar as prácticas, incluída a relativa ás normas internas de seguridade e prevención de riscos laborais e comúns.
- f) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do alumno.
- g) Gardar, antes, durante e despois das prácticas a confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do alumno como consecuencia da súa actividade como titor. Non transmitir os ditos datos a terceiros.

## **CAPÍTULO V**

### **DEREITOS E OBRIGAS DO TITOR ACADÉMICO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

#### **Artigo 27. DEREITOS DO TITOR ACADÉMICO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

A persoa responsable da titorización académica terá os dereitos seguintes:

- a) No caso de ser membro do persoal docente, ao recoñecemento da súa actividade académica nos termos que en cada momento estableza a Universidade da Coruña.
- b) A ser informada acerca da normativa que regula as prácticas externas así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que haberá de desenvolverse.
- c) Ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función.



### **Artigo 28. OBRIGAS DO TITOR ACADÉMICO DA UDC**

A persoa responsable da titorización académica terá as obrigas seguintes:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade de horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do alumnado.
- b) Realizar un seguimento efectivo das prácticas en coordinación co/a titor/a da entidade colaboradora.
- c) Autorizar, logo da comunicación ao centro e co seu visto e praxe, no caso das prácticas curriculares, as modificacións que se poidan propoñer no proxecto formativo.
- d) Realizar a avaliación das prácticas do/a alumno/a titorizado/a segundo o proceso que se estableza na normativa de cada centro.
- e) Gardar, antes, durante e despois das prácticas a confidencialidade en relación con calquera información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titor.
- f) Informar o órgano responsable das prácticas externas das posibles incidencias que xurdan.
- g) Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición de recursos de apoio para asegurar que o alumnado con discapacidade realice as prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.
- h) Propoñer a rescisión das prácticas, logo da presentación por escrito dunha xustificación razoada.
- i) Avaliar, se é o caso, e propoñer unha cualificación para o período de prácticas curriculares.

## **TÍTULO III**

### **PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN**

#### **CAPÍTULO I**

##### **PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES**

### **Artigo 29. PRÁCTICAS EXTERNAS CURRICULARES**

1. Correspóndelles aos centros e titulacións, baixo a ordenación legal vixente e o establecido neste regulamento, o deseño, a promoción, a xestión académica e a avaliación das prácticas externas curriculares do seu alumnado.

2. A Xunta de Centro regulará as prácticas externas curriculares das titulacións que lle competan, para isto aprobará o regulamento ou regulamentos que precise. Nesa normativa definiranse polo menos os seguintes puntos:

- a) O procedemento de oferta e difusión das prácticas externas entre o alumnado ao que sexan destinadas, que se axustará ao recollido no punto 4 do artigo 17 do RD 592/2014.
- b) O procedemento de adxudicación ao alumnado da entidade colaboradora en que se realizarán as prácticas.
- c) O procedemento de adxudicación do profesorado titor académico das prácticas.
- d) As responsabilidades na realización e aprobación do proxecto formativo de cada práctica a que se refire o artigo 6 do RD 592/2014.
- e) O proceso para realizar e entregar os informes e a memoria final a que se refiren os artigos 13 e 14 do RD 592/2014.
- f) O proceso para avaliar e cualificar as prácticas externas curriculares.

3. De acordo co artigo 15 do RD 592/2014 e o 28 deste regulamento, a persoa responsable da titorización académica das prácticas avaliaraas de conformidade coa normativa a que se refire o punto anterior e cubrirá o correspondente informe de valoración.

4. As prácticas externas curriculares disporán da súa correspondente guía docente nas mesmas condicións que calquera outra materia, segundo a normativa da Universidade da Coruña.

5. No caso das prácticas externas optativas os centros poderán establecer un límite anual axustado á oferta de prazas dispoñibles para a súa realización.

## **CAPÍTULO II PROCEDIMENTO DE XESTIÓN DE PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES**

### **Artigo 30. PRÁCTICAS EXTERNAS EXTRACURRICULARES**

1. A tramitación, xestión e difusión das prácticas externas extracurriculares poderá ser delegada polo centro nunha entidade xestora mediante o correspondente convenio.

2. Os centros ou a entidade xestora das prácticas extracurriculares serán os encargados de indicar as ofertas e condicións para adxudicar e realizar estas de xeito axustado ao recollido no artigo 17 do RD 592/2014 e neste regulamento. En calquera caso recollerá os datos seguintes:

- a) nome ou razón social da entidade colaboradora
- b) centros, localidade e enderezo onde teñan lugar
- c) data de inicio e fin das prácticas e duración en horas
- d) número de horas ao día de dedicación ou xornada e horario asignado
- e) proxecto formativo, actividades e competencias que se desenvolverán
- f) titulación ou titulacións a que van dirixidas as prácticas
- g) nome do/a titor/a académico/a
- h) nome do/a titor/a da entidade colaboradora
- i) requisitos esixidos pola entidade colaboradora, que deberán ser autorizados polo responsable do programa de prácticas do centro
- j) contía da bolsa ou axuda ao estudo, de ser o caso

3. A organización das prácticas extracurriculares farase no sistema ECTS de cara ao seu reflexo nos expedientes académicos, no suplemento europeo ao título, e en calquera outro documento acreditativo, e para facilitar o seu posible recoñecemento ou transferencia.

4. As prácticas externas extracurriculares poderanse ofertar durante todo o curso académico.

## **CAPÍTULO III PROCEDIMENTO DE XESTIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

### **Artigo 31. PRÁCTICAS EXTERNAS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

Para realizar as prácticas na propia Universidade da Coruña será necesaria unha convocatoria pública por parte da vicerreitoría con competencia na materia, por proposta dos distintos servizos/unidades da universidade, en que quedarán excluídas as unidades de docencia.

- 1) Con suficiente antelación antes do curso académico, a vicerreitoría con competencia na materia solicitaralles ás distintas unidades da universidade a posible oferta de prácticas externas curriculares.
- 2) As prácticas extracurriculares poderanse ofertar durante todo o curso nas condicións recollidas neste regulamento.
- 3) No caso de prácticas en laboratorios de grupos de investigación ou en centros de innovación estes faranse cargo dos custos que impliquen.
- 4) As propostas serán avaliadas e aprobadas pola Comisión de Prácticas despois dun



informe elaborado pola Unidade de Emprego da UDC.

### **Artigo 32. LIMITACIÓNS**

O desenvolvemento de calquera destas prácticas non poderá ter por obxecto:

- a) A realización de actividades propias do persoal da Universidade da Coruña.
- b) A realización simultánea ou sucesiva dentro dun mesmo curso académico de prácticas pertencentes a diferentes programas.

## **TÍTULO IV**

### **EFFECTOS ACADÉMICOS E ADMINISTRATIVOS**

#### **CAPÍTULO I**

##### **DOCUMENTOS FINAIS**

### **Artigo 33. INFORME E ENQUISA FINAL**

Ao concluír as prácticas e no prazo máximo de 2 semanas desde esa data, a persoa responsable da titorización da entidade colaboradora remitirá ao/á titor/a académico/a da universidade un informe final en que valore a actividade do/a alumno/a durante a práctica. O informe recollerá o número de horas realizadas e a valoración dos aspectos seguintes:

- a) capacidade técnica
- b) capacidade de aprendizaxe
- c) administración de traballos
- d) habilidades de comunicación oral e escrita. no caso do estudantado con discapacidade que teña dificultades nestes aspectos, deberase indicar o grao de autonomía para esta habilidade
- e) sentido da responsabilidade
- f) facilidade de adaptación
- g) creatividade e iniciativa
- h) implicación persoal
- i) motivación
- j) receptividade ás críticas
- k) puntualidade
- l) relación co contorno laboral
- m) capacidade de traballo en equipo
- n) no caso das prácticas curriculares, ademais, valoraranse as competencias previstas no proxecto formativo.

### **Artigo 34. MEMORIA E ENQUISA FINAL DAS PRÁCTICAS DO ALUMNADO**

Ao concluír as prácticas, e no prazo establecido polo centro, o/a alumno/a remitirá ao/a titor/a académico/a da Universidade da Coruña unha memoria final de prácticas de conformidade co modelo establecido pola Universidade da Coruña en que figuren, como mínimo, os aspectos seguintes:

- a) Os datos persoais do/a alumno/a.
- b) A entidade colaboradora onde realizou as prácticas e onde está situada.
- c) A descrición concreta e detallada das tarefas desenvolvidas con indicación do ou dos departamentos/s da entidade onde se realizaron.
- d) A valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e as competencias adquiridos respecto dos estudos universitarios.
- e) A relación dos problemas presentados e procedementos seguidos para a súa resolución.
- f) A contribución que supoñen as prácticas en materia de aprendizaxe.
- g) A avaliación das prácticas e suxestións de mellora.
- h) Outros aspectos que o centro considere relevantes para a formación do/a alumno/a.

No caso das prácticas internacionais, e de conformidade co convenio ou programa aplicable, o informe final debe ser achegado polo estudante.

## **CAPÍTULO II AVALIACIÓN E ACREDITACIÓN**

### **Artigo 35. AVALIACIÓN DAS PRÁCTICAS, RECOÑECIMIENTO ACADÉMICO E ACREDITACIÓN.**

1. As prácticas curriculares serán avaliadas polo/a titor/a académico/a da universidade, segundo o procedemento establecido polo centro, tomando como base o seguimento do/a alumno/a levado a cabo, o informe da persoa responsable da titorización na entidade colaboradora, os informes de seguimento emitidos e a memoria final elaborada polo/a alumno/a. Para estes efectos, o/a titor/a redactará o correspondente informe de valoración.

A sinatura da acta de cualificación oficial corresponderalle ao/a profesor/a coordinador/a da materia de prácticas. En todo caso realizarase de conformidade coa normativa vixente sobre sinatura de actas e sistema de cualificacións oficiais.

O réxime de convocatoria será o previsto con carácter xeral na normativa académica, aínda que a convocatoria extraordinaria estará condicionada ao calendario académico e ás particularidades das prácticas de cada plan de estudos.

2. Cando conste de forma expresa na memoria verificada do título, as prácticas externas poderán ser obxecto de recoñecemento pola experiencia profesional e laboral acreditada, sempre que estas estean relacionadas coas competencias propias do título correspondente e se axusten en tempo e contido ao programa de prácticas externas da titulación. As solicitudes presentaranse dentro dos prazos xerais de recoñecemento de créditos establecidos pola universidade.

## **CAPÍTULO III SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE**

### **Artigo 36. SISTEMA DE CALIDADE**

Os procedementos para garantir a calidade das prácticas externas que realiza o alumnado quedan recollidos no sistema de calidade dos títulos oficiais da Universidade da Coruña.

## **CAPÍTULO IV COMISIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS**

### **Artigo 37. COMISIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS**

Existirá unha comisión de prácticas externas formada por:

- O/a vicerreitor/a con competencias en materia de estudantes, ou persoa en quen delegue.
- O/a vicerreitor/a con competencias en relacións internacionais, ou persoa en quen delegue.
- A persoa responsable da coordinación da Unidade de Emprego.
- Un técnico da unidade de Emprego.
- Un representante por cada rama de coñecemento dos/as coordinadores/as de prácticas externas dos centros.
- Dous representantes do alumnado designados polos seus representantes no



Consello de Goberno.

Poderán crearse subcomisións para estudar e desenvolver aspectos concretos relacionados coas prácticas ou de interpretación normativa.

Serán funcións da Comisión de Prácticas Externas:

- a) Velar polo cumprimento dos obxectivos dos programas de prácticas.
- b) Supervisar o cumprimento das condicións establecidas na presente normativa.
- c) Formular propostas e informar sobre as que se presenten en relación coa modificación de réxime das prácticas externas.
- d) Deseñar plans de mellora dos distintos programas.
- e) Ter coñecemento do desenvolvemento e cumprimento de obxectivos dos programas.
- f) Cantas outras sexan oportunas ou necesarias para o desenvolvemento dos programas.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

Facúltase o/a vicerreitor/a responsable das prácticas externas no ámbito das súas competencias a ditar cantas instrucións resulten necesarias para a aplicación e o desenvolvemento da presente normativa.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Os convenios asinados con anterioridade á entrada en vigor desta normativa, e as prácticas que na súa execución se estean a realizar, deberán axustarse a esta, para o cal a Universidade da Coruña establece un prazo máximo de tres anos.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da Universidade da Coruña.